

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Eva Solla Fernández**, e da súa vicevoceira, **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei, para o seu debate en Pleno**, relativa a **instar ao goberno do Estado a que derroque o Real-Decreto 16/2012** e garanta o cumprimento do dereito á saúde das persoas migrantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Afirma Ramin Jahanbegloo que a violencia institucional representa unha forma de política corrupta.

O goberno do Estado, a través do Real-Decreto 16/2012, que representou un cambio de modelo en materia de acceso ao dereito á saúde, pois supeditaba o dereito a asistencia sanitaria ao aseguramento e non á condición de cidadanía. Supoñía un grave paso atrás na Universalidade do acceso á Saúde Pública, unha vulneración da equidade.

En esencia, tal como se constatou desde que entrou en vigor, supuña unha norma de exclusión sanitaria para milleiros de persoas, e sobre todo ás persoas migrantes, tanto ás que están en situación administrativa regularizada como en situación irregular, tal e como se reflicte no Informe de Médicos do Mundo presentado a finais do 2014.

Falamos dun Real-Decreto que non tivo en conta as recomendacións realizadas pola Axencia de dereitos Fundamentais da Unión Europea que aconsellaba aos Estados membros o seguinte: “o acceso á atención sanitaria necesaria debe facilitarse aos inmigrantes irregulares con arranxo aos mesmos criterios que aos nacionais, aplicando idénticas normas en materia de pago de honorarios e exencións”.

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, non se opuxo de forma radical a este Real-Decreto, senón que puxo en marcha o **Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP)**, un programa que non restitúe o dereito que se perde co Real-Decreto estatal.

Un Programa que nacía xa eivado pois solicitaba que as persoas levasen 183 días dadas de alta no padrón da súa localidade, un criterio excluínste debido á existencia de persoas que non levan aínda ese tempo ou que, levándoo, debido ás prácticas de violencia institucional, teñen medo a presentarse nas oficinas do municipio correspondente para empadroarse.

O tempo demostrou que era un mal parche, xa que, como se reflicte nos informes de *Médicos del Mundo Galicia*, son moitas as incidencias que demostran vulneración mesmo do que sinala o propio PGPSSP:

- a) existe descoñecemento da normativa mesmo por parte do persoal sanitario e situacións de confusións sobre o propio procedemento para adherirse ao programa;
- b) danse situacións de discriminación e racismo;
- c) as persoas titulares dos dereitos teñen medo a reclamar os seus dereitos;

E, o que resulta máis grave aínda, incumpríronse os tres principios básicos de atención para as persoas migrantes non autorizadas nin rexistradas como Residentes, sobre todo coas:

- a) mulleres embarazadas;

- b) urxencias por enfermidade ou accidente;
 - c) e cos menores de 18 anos;
- se ben danse tamén vulneracións nos outros tres casos recollidos:
- d) solicitantes de protección internacional;
 - e) persoas vítimas de trata de seres humanos;
 - f) tratamentos iniciados antes da entrada en vigor do Real-Decreto.

Nos tres primeiros casos prodúcense graves violacións do dereito humano á saúde, xa que, ao non ter tarxeta sanitaria, e polo tanto non poder acceder aos servizos de atención primaria, as persoas destas tres condicións deberían ser atendidas sen problemas.

Mais, se nos fixamos nos feitos, aconteceu que se produciron abortos non desexados por non recibir a atención médica, ou persoas gravemente enfermas que non entraron, senón que voltaron á súa casa a curar...ou morrer, uníndose a iso as dificultades para poder pagar medicamentos, e menores aos se lles denegou a atención. Ademais, nestes casos, tamén, figura a “obrigatoriedade”, non contemplada na Lei, de asinar un “compromiso de pago”, que actuou cun poderoso efecto disuasorio. Tamén coñecemos o caso de familiares reagrupados aos que se lles reclama un seguro médico privado.

Despois de producírense 3 mortes de persoas migrantes a causa da exclusión sanitaria, o goberno anunciaba en abril que as persoas migrantes en situación irregular administrativa ían ser atendidas en Atención Primaria.

Mais era retórica propia do electoralismo. Non se lles devolve as tarxetas sanitarias a aquelas persoas que si a tiñan antes do Real-Decreto. E o documento especial de atención non pode ir vencellado á necesidade de empadronamento, xa que as persoas migrantes teñen medo debido ao uso policial do padrón e ás estratexias de intensificación de controis para encher os voos de deportación de persoas estranxeiras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda propón para o seu debate en Pleno a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1) Esixir ao goberno do Estado que derroque o Real-Decreto 16/2012 e devolver a universalidade a todo o proceso de atención sanitaria: asistencia, diagnóstico, seguemento e medicación.

2) Establecer protocolos claros para que as persoas migrantes podan ser atendidas en Atención Primaria, atendendo ao principio básico da universalidade e do respecto do dereito á saúde.

3) Garantir o cumprimento do Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP) e impedir que se dean os casos de violación do dereito á saúde nos casos de: a) mulleres embarazadas; b) urxencias; c) menores de 18 anos.

4) Suprimir a sinatura do “compromiso de pago”.

5) Non esixir de forma excluínte a alta no padrón e permitir outros documentos de acreditación da identidade (por exemplo, a través do informe dun traballador ou traballadora social).

Compostela, 5 de xuño de 2015

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 05/06/2015 14:03:17

Ramón Vázquez Díaz na data 05/06/2015 14:03:22

Yolanda Díaz Pérez na data 05/06/2015 14:03:28